

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día quince de novembro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- DACIÓNS DE CONTA.

1.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Extracto da Resolución do 28 de outubro de 2021, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K). DOG núm. 215 do 09-11-2021.
- Resolución do 21 de outubro de 2021, do Instituto Galego da Vivenda e Solo -Comisión Provincial de Vivenda da Coruña-, de inicio do proceso de selección de persoas adxudicatarias para vivendas de protección oficial de promoción pública en segundas adxudicacións, vacantes no Concello de Culleredo. DOG núm. 215 do 09-11-2021.
- Resolución do 4 de novembro de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo -Dirección Xeral de Emerxencias e Interior-, pola que se resolve a adxudicación para o ano 2021, en réxime de concorrência competitiva, de equipamentos de emerxencias a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. DOG núm. 219 do 15-11-2021.
- Anuncio do 4 de novembro de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, relativo ao pago dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, en expedientes de expropiación forzosa como motivo das obras de DP 3104 VARIANTE AEROPORTO DE ALVEDRO: ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA

SEGURIDADE VIAL EN LIÑARES (CULLEREDO) 2021.1110.0005.0 DP 3104, termo municipal de Culleredo. BOP núm. 213 do 09-11-2021.

- Anuncio do 5 de novembro de 2021, do Concello de Culleredo, de exposición pública do padrón do prezo público pola prestación de ensinanzas do Conservatorio de Música Municipal dos meses de setembro e outubro de 2021 e do 2º prazo de matrícula do curso 2021/2022. BOP núm. 215 do 11-11-2021.
- Anuncio do 5 de novembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, desde o día 9 ata o día 11 de novembro de 2021, ambos os dous incluídos. BOP núm. 215 do 11-11-2021.

1.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

1.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
28/09/2021	1707	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	***7459**	
		Denegar o servizo municipal de axuda no fogar por non acadar a puntuación mínima de 30 puntos.	***7011**	
		Conceder o Xantar na Casa para os sete días da semana, mentres non se produzan cambios nas circunstancias familiares, e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.		
28/09/2021	1708	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dez horas á semana (agás festivos).	***0006**	
		Denegar o servizo municipal de axuda a domicilio por non acadar a puntuación mínima	***0001**	

C.I.F. P-1503100-H

C.I.F. P-1503100-H

		de 30 puntos.		
28/09/2021	1709	Conceder o Xantar na Casa para os sete días da semana e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Conceder o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña.	***4585** ****7421*	
28/09/2021	1710	Conceder o Servizo de municipal de Teleasistencia Domiciliaria, ante os episodios de desvanecemento da solicitante.	***6232**	
28/09/2021	1711	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e Xantar na casa e declarar concluso o procedemento.	***4765**	
28/09/2021	1713	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos). Conceder o Xantar na Casa para os sete días da semana e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Conceder o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña.	***3083**	
29/09/2021	1723	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de sete horas á semana (agás festivos), das	****7421*	

		cales poderá beneficiarse de dúas horas á semana seu cónxuxe.	***4585**	
--	--	---	-----------	--

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
16/09/2021	1663	Concesión axuda económica.	***5652**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro e febreiro (385€/mes) e parte de marzo de 2021 (359€).	1129€
16/09/2021	1664	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***4417**	Pago do recibo de gas do mes de xullo de 2021(16,20€) e o recibo de auga do 2º trimestre de 2021(76,65€)	

C.I.F. P-1503100-H

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
22/09/2021	1671	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	***0032**	10 años
22/09/2021	1672	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	***1570**	10 años
29/09/2021	1718	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter PROVISIONAL.	***2070**	Ata o 30/08/2023

***GASTOS ALIMENTACIÓN das Prestacións Economicas Municipais de Emerxencia e Inserción Social (PEEIS) De Acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	PROVEEDOR
03/11/21	2027/21	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago das facturas que se relacionan a continuación, correspondentes aos bonos de alimentos, hixiene e bono de lactantes, con cargo aos RC correspondentes	***355**

Nº factura	Importe	Terceiro	Nº RC
FN715	72,74 €	****061**	220210000118
FN716	16,59 €	****061**	220210000118
FN720	56,48 €	****449**	220210003648
FN721	22,37 €	****449**	220210003648
FN722	60,46 €	****366**	220210003552
FN723	24,22 €	****295**	220210003649
FN724	81,30 €	****295**	220210003649
FN741	22,48 €	****846**	220210002000
FN742	91,88 €	****846**	220210002000
FN743	60,43 €	****310**	220210000116
FN744	19,55 €	****310**	220210000116
FN745	35,46 €	****597**	220210002217
FN746	142,86 €	****597**	220210002217
FN747	55,10 €	****111**	220210000111
FN748	89,96 €	****474**	220210001379
FN749	16,35 €	****474**	220210001379
FN750	19,55 €	****6560***	220210000133
FN751	62,00 €	****6560***	220210000133

C.I.F. P-1503100-H

--	--	--	--

AREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE: Actividade profesional

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V de solidariedade e participación

Proxecto 6 de Accións abertas de prevención e sensibilización social

25 DE NOVIEMBRE DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A fin de continuar na loita activa cara a total erradicación da violencia machista, a nivel comunitario e de maneira transversal entre as distintas áreas municipais, neste concello tense previsto desenvolver as accións seguintes co gallo deste día:

- Participación coa difusión das actividades enmarcadas dentro da Campaña *De fronte á violencia de xénero*, que promove á *area de igualdade da Deputación da Coruña*, á que Culleredo se ten adherido, e na que se contemplan actividades e recursos dixitais dirixidas a toda a poboación entre as que destacan as palestras sobre a violencia vicaria, e a violencia de xénero contra as mulleres, un *Visual thinking*, un *scape room*, un espectáculo musical para público infantil *"Martíña soñadora"*, e actos colectivo de lectura de textos e poemas. Todas elas son retransmitidas en directo ao longo do mes de novembro nas datas que figuran na web defronte.gal e dispoñible en streaming de youtube para poder consultar ou utilizar a nivel educativo e social.

- Certame municipal de Tik Tok baixo o lema *Culleredo de fronte á violencia de xénero*, proposto aos centros de ensino de secundaria e bacharelato co obxectivo de crear conciencia sobre as diversas manifestacións machistas que cómpre erradicar, de difundir mensaxes a favor da igualdade e da eliminación da violencia de xénero dende a participación colectiva e arte social, cara unha construción dunha sociedade igualitaria. Promovido desde a concellaría de benestar social en coordinación coas de *educación e xuventude*.

Este certame será valorado por un xurado composto por docentes dos IES Blanco Amor e Rego de Trabe, e por técnicas as municipais do CIM, de Benestar social, Educación e Xuventude, e será fallado os días 25 e 26 de novembro nun acto a celebrar nos propios centros, no que se anunciarán os dez mellores traballos que servirán de canle de difusión a través das redes e dos medios de comunicación locais para achegar a mensaxe en contra da violencia de xénero ao maior número de poboación posible e sobre todo entre a xente moza.

- Obradoiro de prevención do acoso na rúa, dirixido a alumnado de Formación Profesional, promovido pola Ong Fundación Mujeres, que será impartido o mesmo día 25 de novembro en dúas sesións, ás 10.45h e ás 11.45h no salón de actos da Universidade Laboral

- Representación da *Obra teatral sobre Heroínas*, dirixida pola *Compañía de Raquel Crespo*, e organizado pola Ong Mestura, para público infantil e adulto, o 25 de novembro ás 18.00h da tarde no salón de actos de Servizos Múltiples.

- Representación no salón de actos do edificio de servizos múltiples do Burgo da obra de teatro "Invisibles" coordinado dende a *Concellaría de Cultura*. Unha coprodución entre Redrum Teatro, o Centro Dramático Galego, a Concellaría de Igualdade do Concello de Pontevedra e a Deputación da Coruña Trátase dunha adaptación do libro

homónimo da periodista Montse Fajardo que relata casos reais de violencia de xénero sufridos por sete mulleres galegas. Protagonizado por Mela Casal, Sheyla Fariña e Neves Rodríguez baixo a dirección de Marián Bañobre. Será o venres 26 de novembro ás 20.30h

- Seminario intensivo de *Defensa persoal feminina* organizado pola Deputación da Coruña e coordinado dende a *Concellaría de Deportes*, dirixido a mulleres de idades comprendidas entre os 14 e os 70 anos onde ensaiarán técnicas e estratexias para defenderse ante un intento de agresión protocolo de actuación no ámbito da defensa persoal. o 11 de decembro, de 10.00h a 14.00h no Pavillón polideportivo Sofía Casanova,
- Programa de radio “En onda feminista” de Radio Culleredo, o vindeiro 25 de novembro dende onde retransmitirá en directo as distintas accións que se están a desenvolver na localidade en contra da violencia de xénero. Continuidade doutro introductorio xa emitido nos primeiros días de novembro.
- Lectura de manifesto, textos e poemas alusivos á loita contra á violencia machista a celebrar o propio día 25 de novembro e nos outros actos institucionais previstos nos centros de ensino, a cargo das concelleiras e membros da comunidade educativa que se sumen.
- Colaboración na difusión de todas as iniciativas que có gallo deste día impulse o tecido asociativo, cultural e social municipal
- Colocación e distribución de material gráfico reivindicativo en contra da violencia de xénero, nos edificios e espazos municipais con difusión en redes sociais e web do concello .”

C.I.F. P-1503100-H

1.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 18 DE NOVIEMBRE

Biblioteca Xosé Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.00 h:

Contacontos coa Dragóna Ramona: *Pecas*.

A partir de 3 anos. Aforo limitado. Reserva de prazas a mesma semana no tfno. 981665597. Aplicaranse as medidas anti-covid en vigor.

VENRES 19 DE NOVIEMBRE

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Teatro do Noroeste: *Gloria nacional*.

Público adulto. Entrada gratuíta. Aforo limitado. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597. Aplicaranse as medidas anti-covid en vigor.”

1.3.- SENTENZA 196/2021 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DA CORUÑA. PROCEDEMENTO ABREVIADO 47/2021.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta e Goberno Local da sentenza 196/2021, do 3 de novembro de 2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña, PROCEDEMENTO ABREVIADO 47/2021, en cuxo fallo di:

“Se estima parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por el Procurador D. Juan Lage Fernández-Cervera, en nombre y representación de la FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA, asistida de la Letrada Dña. Ana Martínez García frente a la inactividad del Ayuntamiento de Culleredo, al no

hacer efectiva la cantidad derivada del incremento del justiprecio fijado por la Resolución del Jurado Provincial de Expropiación de Galicia de 22 de octubre de 2015.

Se considera que la demanda ha sido satisfecha extrajudicialmente en la cantidad reclamada de principal e intereses, restando por pagar los intereses de los intereses moratorios.

No se realiza especial imposición de costas a ninguna de las partes.

Contra esta Sentencia se puede interponer recurso de apelación.

(.../...)"

2.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H